



## **Búscanse cincocentos activistas xuvenís para mudar o mundo. Comeza o proxecto educativo “Activistas polo mundo que queremos”**

**11 de xaneiro de 2021.** Con demasiada frecuencia os e as adolescentes son vistos como apáticos e egocéntricos. Pero unha nova xeración de mocidade está demostrando que moitos mozos e mozas están, de feito, moi preocupados polos problemas sociais, políticos e ambientais, e están completamente preparados para facer algo ao respecto. O 11 de xaneiro arranca una nova edición do proxecto de educación en valores ‘*Activistas polo mundo que queremos*’ no que participarán mais de cincocentos mozos e mozas de seis institutos galegos. A idea, mudar as cousas que non lles gustan.

Dende Gretta Tumber ou Malala a Emma Gonzalez ou Amika George, nos últimos anos están a xurdir novos e crecentes movementos sociais promovidos por adolescentes. Este proxecto, que se estenderá ata o mes de abril, pretende apoiar ao alumnado galego para que coñeza e de algunha maneira se integre neste movemento global de xuventude inspiradora.

Os centros educativos que se suman ao proxecto este ano son o **CPI As Mirandas en Ares** (A Coruña), o **CPI Plurilingüe de Castroverde** (Lugo) e na provincia de Pontevedra, o **IES Primeiro de Marzo de Baiona**, **IES Miguel Ángel González Estévez de O Carril en Vilagarcía de Arousa**, o **CPI do Toural de Vilaboa**, e **CPR Rosalía de Castro en Vigo**.

Será a oitava edición dun proxecto que xa achegou estas cuestións máis de 3.000 alumnos e alumnas dende o 2013, pero que por mor da pandemia, este ano incluírá unha forte aposta pola educación virtual. ‘*Activistas polo mundo que queremos*’ mestura nesta nova edición as sesións presenciais coas online a través dunha aula virtual.

Durante este mes de xaneiro terá lugar a primeira sesión presencial do proxecto, onde os mozos e mozas aprenderán o *que significa ser un activista*. Na segunda sesión o alumnado participante achegarase virtualmente *ás realidades de outros países* como O Salvador, Marrocos, Guinea Bissau ou a República Dominicana. Na terceira sesión, xa en febreiro e tamén online, terán a oportunidade de *charlar con activistas* que dende República Dominicana e O Salvador loitan por mellorar as condicións de vida nos seus países. Na cuarta sesión, a través da aula virtual de *comunicación transformadora*

aprenderán como as ferramentas comunicativas lles poden axudar no seu activismo. Marzo, será o mes de poñerse en acción coa quinta sesión, que será presencial, e na que porán en práctica todo o investigado e aprendido cun *obradoiro de radio* no que elaborarán as súas propias reportaxes radiofónicas. En abril terá lugar a última sesión online de *ciberactivismo e contrapublicidade*.

A punto final do proxecto será a presentación de todo o traballo feito durante o curso nos diferentes concellos dos centros educativos. Estas presentacións teñen o obxectivo de amplificar as mensaxes elaboradas polo alumnado e convidar ao resto da comunidade a coñecelas e tomar partido.

"Activistas polo mundo queremos" **faise posible grazas a unión de tres ONGD's galegas**, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) **co financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE**.

Forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.